

NORMATIVA DEROGADA

NORMATIVA PARA A SELECCIÓN DO PROFESORADO INTERINO E CONTRATADO

(XUNTA DE GOBERNO DO 17 DE FEBREIRO DE 2000)

(Modificacións puntuais aprobadas na Xunta de Goberno de 15-marzo-2001)

[\(Modificación do anexo V por Consello de Goberno do 22-xullo-2004\)](#)

TÍTULO I: CREACIÓN DE PRAZAS

TÍTULO II: PROCEDEMENTO ORDINARIO

- [Capítulo I: Convocatorias](#)
- [Capítulo II: Requisitos dos e das concursantes](#)
- [Capítulo III: Comisións xulgadoras](#)
- [Capítulo IV: Procedemento de selección para profesorado asociado de tipo B](#)
- [Capítulo V: Reclamacións](#)
- [Capítulo VI: Nomeamentos](#)

TÍTULO III: PROCEDEMENTO DE URXENCIA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES E SELECCIÓN DE PROFESORADO

- [Capítulo I: Listas de agarda](#)
- [Capítulo II: Selección polo procedemento de urxencia](#)

DISPOSICIÓN ADICIONAIS, TRANSITORIA E DERRADEIRAS

 [ANEXO I: BAREMO](#) [pdf - 28Kb][Modificado: 21/02/2008]

 [ANEXO II: NORMAS DE APLICACIÓN DO BAREMO](#) [pdf - 38Kb][Modificado: 21/02/2008]

 [ANEXO III: CORPOS E CATEGORÍAS PARA A FORMACIÓN DE COMISIÓN XULGADORAS](#) [pdf - 15Kb][Modificado: 21/02/2008]

 [ANEXO IV: TÁBOA DE AFINIDADES, ÁREAS DE COÑECEMENTO-TITULACIÓN](#) [pdf - 34Kb][Modificado: 21/02/2008]

 [ANEXO V: TÁBOA DE AFINIDADES ENTRE ÁREAS DE COÑECEMENTO](#) [pdf - 53Kb][Modificado: 21/02/2008]

Artigo 1.- Ámbito de aplicación

A creación, a convocatoria de prazas e a selección de profesorado titular interino, asociado e axudante regularase polo disposto na respectiva convocatoria, no presente acordo, que desenvolve o artigo 27 do Estatutos da Universidade de Santiago e na normativa xeral que lle sexa de aplicación.

TÍTULO I

CREACIÓN DE PRAZAS

Artigo 2.- Proposta de creación

Correspóndelle ó departamento a iniciativa para a creación de prazas de profesorado titular interino, asociado e axudante. A proposta que se adopte deberá conter polo menos os seguintes aspectos:

Área de coñecemento e departamento ó que corresponde

Centro ou centros no que se vai impartir-la docencia

Actividades docentes que se van realizar

Para prazas de profesorado asociado ou interino especificaranse a materia ou materias entre as que os candidatos escollerán unha para a elaboración do proxecto docente.

Para prazas de axudante, as actividades docentes referiranse en calquera caso á área de coñecemento.

En calquera caso, tanto axudante como asociados/das integranse nunha área de coñecemento, e as súas obrigas docentes referiranse a ela.

Para as prazas de titular interino/ina de escola universitaria e axudante de escola universitaria no caso daquelas áreas de coñecemento para as que o Consello de Universidades determina que abonda o título de diplomatura, arquitectura técnica ou enxeñería técnica poderán requirirse o título de diplomado, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico que corresponda cando estas se convoquen para materias específicas que se impartan exclusivamente en escolas universitarias

Réxime de dedicación

Artigo 3.- Creación de prazas

A proposta de creación de prazas do departamento será remitida ó rectorado, para que, tralo informe da Comisión de Ordenación Académica e Profesorado, sexa resolta pola Xunta de Goberno.

O mesmo trámite se seguirá para a solicitude de dotación de prazas vacantes nos departamentos.

TÍTULO II

PROCEDIMENTO ORDINARIO

CAPÍTULO I.- CONVOCATORIAS

Artigo 4.- Convocatoria

Aprobada a dotación dunha praza, realizarase a convocatoria con antelación suficiente para que as prazas estean cubertas ó inicio do curso.

A convocatoria deberá conter polo menos os seguintes aspectos:

Área de coñecemento e departamento ó que corresponde a praza

Localidade

Actividades docentes que se van realizar

Para prazas de profesorado interino e asociado, especificaranse a materia ou materias da área de coñecemento de entre as que os candidatos escollerán unha sobre a que se realizará o proxecto docente, ou a memoria no caso do profesorado asociado tipo B.

Para axudante especificaranse a materia ou materias respecto das cales deberán presenta-lo tema

Réxime de dedicación

Condições que deberán reuni-los aspirantes

Documentación que deberán achegar

Lugar de presentación de instancias

Prazo de presentación de instancias e da documentación para a admisión ó concurso indicando a data de finalización

Prazo para a presentación dos documentos acreditativos da experiencia investigadora e outros méritos, proxecto docente, tema ou memoria, de se-lo caso. Este prazo será como mínimo de dous meses desde a data da convocatoria

Data na que a comisión xulgadora publicará o acordo polo que se convoca ós e ás concursantes á segunda fase do proceso selectivo

Orde de actuación dos e das concursantes que seguirá a ordenación alfabética por apelidos a partir dunha letra que se establecerá mediante un sorteo realizado pola Secretaría Xeral de xeito previo á convocatoria

Lugar de celebración das probas

Artigo 5.- Publicación e difusión da convocatoria

Publicación

As convocatorias faranse públicas no taboleiro de anuncios do Rectorado e do Vicerrectorado do Campus de Lugo, e producirán efectos desde o día seguinte á súa inserción.

A data de inserción no taboleiro de anuncios do Rectorado farase constar mediante dilixencia do xefe do Servizo de Planificación e Programación Docente e de Persoal Docente Investigador ou do funcionario que o substitúa; e no taboleiro do Vicerrectorado do Campus de Lugo mediante dilixencia do vicexerente ou do funcionario que o substitúa. As insercións realizaranse no mesmo día en ámbolos dous campus.

b) Difusión da convocatoria

As convocatorias difundiranse a través da páxina web da Universidade e mediante a inserción de anuncios en diarios de ampla difusión en Galicia.

Artigo 6.- Instancia

As persoas interesadas en tomaren parte no concurso formalizarán a súa solicitude, que será dirixida ó Excmo. e Magfco. Sr. Rector, no modelo de instancia que lles será facilitada nos centros, no Servizo de Planificación e Programación Docente e de Persoal Docente e Investigador, e no Vicerrectorado do Campus de Lugo.

Deberán presentar unha instancia para cada praza, acompañada da documentación correspondente. Caso de que soliciten concurrir a varias prazas de mesma área e da mesma categoría será suficiente con que aporten un solo exemplar da documentación.

Artigo 7.- Lugares de presentación

Os/As concursantes presentarán a instancia no Rexistro Xeral da Universidade, en Santiago ou Lugo, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8.- Lista provisoria de persoas admitidas e excluídas

Concluído o prazo de presentación de solicitudes farase pública a lista provisoria de persoas admitidas e excluídas, con indicación expresa das causas de exclusión e establecendo un prazo de dez días para que se emenden os defectos que determinaron a exclusión.

A publicación provisoria desta lista realizarase nos taboleiros do Rectorado e da Vicerencia do Campus de Lugo e difundiranse a través da páxina web da Universidade.

Artigo 9.- Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas

Unha vez rematado o prazo de emenda, procederase á publicación, polo mesmo procedemento, da lista definitiva de concursantes admitidos e excluídos. Contra a resolución que faga públicas as listas definitivas, que esgota a vía administrativa, poderanse interpoñer os recursos oportunos.

Artigo 10.- Cómputo dos prazos

Os prazos a que fai referencia a presente normativa, expresaranse en días, que se entenderán hábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos. Entenderase declarado festivo para os efectos do presente procedemento os festivos locais, tanto de Santiago como de Lugo, ampliándose en calquera caso un día máis en ámbolos campus o prazo establecido.

O cómputo dos prazos iniciarase en todo caso ó día seguinte ó da súa publicación no taboleiro de anuncios do Rectorado, ou no caso da proposta do nomeamento, dende a súa inserción no taboleiro de anuncios do centro onde se desenvolveron as probas. Se o prazo rematara nun día no que o rexistro estea pechado prorrogarase ata o seguinte día hábil.

CAPÍTULO II.- REQUISITOS DOS E DAS CONCURSANTES

Artigo 11.- Requisitos dos e das concursantes

11.1.- Requisitos xerais

Para seren admitidos ó concurso, serán requisitos necesarios:

Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública española, da Unión Europea, ou do estado do que teña nacionalidade a persoa concursante.

Estar en posesión do título requirido ou da certificación supletoria correspondente, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

11.2.- Requisitos específicos

1. Prazas de profesorado titular de universidade interino

Posuí-la nacionalidade española ou dalgún dos estados membros da Unión Europea.

Posuí-lo título de doutor/ra ou unha certificación supletoria.

Se foran axudantes na USC durante máis de dous anos, deberán acreditar que durante un ano ou máis realizaron tarefas de investigación noutras universidades ou en centros de

investigación españois ou estranxeiros, ou ben que foron axudantes noutras universidades.

2. Prazas de axudante de facultade ou escola técnica superior

Posuí-la nacionalidade española ou dalgún dos estados membros da Unión Europea.

Posuí-lo título de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro superior ou unha certificación supletoria.

Estar en posesión do diploma de estudos avanzados ou ter completados os cursos de doutoramento e recoñecida a suficiencia investigadora consonte á normativa anterior ó Real Decreto 778/1998.

Acreditar mediante unha certificación do consello do departamento, ou órgano equivalente noutros centros de investigación, acreditando dous anos de investigación, que en ningún caso poderán ser simultáneos ós de realización dos cursos de doutoramento.

3. Prazas de profesorado titular interino e axudante de escola universitaria

Posuí-la nacionalidade española ou dalgún dos estados membros da Unión Europea.

Posuí-lo título de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro superior ou unha certificación supletoria, agás no caso daquelas áreas de coñecemento para as que o Consello de Universidades determina que abonda o título de diplomado, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico.

4. Prazas de profesorado asociado-B

Acredita-lo exercicio previo, fóra do ámbito universitario, de calquera actividade profesional remunerada de entre aquelas para as que capacite o título académico que posúa o interesado, durante o período mínimo de tres anos dentro dos cinco anteriores á data de remate do prazo de presentación de instancias.

A acreditación da actividade profesional realizarase consonte ó seguinte:

Certificación dos servizos prestados na función pública, contrato de traballo legalizado ou alta no imposto de actividades económicas (ou equivalente) durante o período requirido

Xustificación do período de permanencia en situación de alta na Seguridade Social e número de afiliación

Excepcionalmente, poderá admitirse outro tipo de acreditación da actividade profesional en función da natureza da praza convocada

5. Prazas de profesorado asociado-A

Posuí-lo título esixido pola convocatoria.

A contratación de profesorado para impartir as ensinanzas da especialidade en Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica (Matrona) axustarase ó disposto na Orde do 1 de xuño de 1992 (BOE do 2 de xuño).

Os e as concursantes estarán eximidos do requisito citado no apartado 4.

Artigo 12.- Acreditación de titulacións estranxeiras

Os títulos expedidos por universidades ou autoridades estranxeiras deberán ser acreditados por algún dos seguintes procedementos:

Mediante unha resolución de homologación dictada polo Ministerio de Educación e Cultura.

Mediante o recoñecemento do Ministerio de Educación e Cultura para títulos expedidos por universidades ou autoridades dos países membros da Unión Europea ou do espazo económico europeo.

Artigo 13.- Documentación e momentos de presentación

13.1. Documentación para a admisión ó concurso

As persoas interesadas deberán presentar no prazo de presentación de instancias que estableza a convocatoria a seguinte documentación:

Instancia conforme ó modelo establecido pola Universidade de Santiago de Compostela
Título esixido

Documentos que acrediten o rendemento académico e a experiencia docente, se a houbera, na forma que se establece no artigo seguinte

Acreditación da nacionalidade, segundo as prazas

Acreditación dos requisitos específicos de cada praza

Xustificante do pagamento da cantidade establecida como dereitos de concurso

Non acredita-los requisitos anteriores será causa de exclusión. En calquera caso, poderá subsanarse a falla de documentación nos prazos establecidos no Artigo 8.

13.2. Presentación dos documentos acreditativos da experiencia investigadora, outros méritos, proxecto docente e tema ou memoria

Os documentos acreditativos da experiencia investigadora, outros méritos, proxecto docente e tema ou memoria, segundo o tipo de praza, deberán presentarse no Rectorado da Universidade de Santiago de Compostela ou no Vicerrectorado do Campus de Lugo no prazo que se estableza na convocatoria e na forma que se indica no artigo seguinte.

A acreditación dos méritos realizarase consonte ó disposto no Anexo II ás presentes normas.

Artigo 14.- Currículo, proxecto docente, tema ou memoria.

Os documentos que acrediten o rendemento académico, a experiencia docente, a experiencia investigadora, outros méritos, proxecto docente, tema ou memoria, de se-lo caso, que presenten os e as concursantes deberán estar indexados, estruturados consonte ó que se dispón a continuación, numerados en cada unha das páxinas das que consten, e encadernados de tal xeito que se impida a posterior inclusión ou perda de documentación.

No suposto de que os e as concursantes presenten libros ou outro material non encadernable, deberán facer consta-la súa presentación no currículo, que deberá remitir a carpetas anexas a el, identificándoas cun número de carpeta e o seu contido.

Os documentos acreditativos do rendemento académico e da experiencia docente estruturaránse consonte ó seguinte:

I.- RENDEMENTO ACADÉMICO

1. Expediente académico
2. Grao de licenciatura
3. Diploma de estudos avanzados ou suficiencia investigadora
4. Título de doutor/ra
5. Títulos de especialista

II.- EXPERIENCIA DOCENTE

Experiencia docente universitaria
Experiencia docente non universitaria
Os documentos acreditativos da experiencia investigadora e outros méritos estruturaránse consonte ó seguinte:

I.- EXPERIENCIA INVESTIGADORA

1. Publicacións:

libros

capítulos de libros

artigos e outras publicacións en revistas

2. Relatorios e comunicacións a congresos

3. Participación en proxectos de investigación

4. Estadías noutros centros de investigación

5. Bolsas de investigación

6. Outros méritos de investigación

II.- OUTROS MÉRITOS

Premios extraordinarios

Outros títulos oficiais

Estudios de posgrao: Magister, Especialista ou equivalentes

Experiencia profesional non docente

Cursos recibidos

Cursos impartidos

Outros

Colaboración na actividade docente-asistencial no Hospital Clínico Universitario, en centros concertados ou no Hospital Veterinario Rof Codina

Para que proceda a valoración dos méritos do currículo, estes deberán acreditarse do xeito que se especifica no Anexo II, e deberán posuírse na data de finalización do prazo que corresponda consonte ós apartados 1 e 2 do artigo 13.

C) Proxecto docente para as prazas de profesorado titular interino ou "asociado de tipo A"

Os e as concursantes para as prazas de profesorado titular interino ou "asociado de tipo A" deberán presentar un proxecto docente referido a unha das materias que estableza a convocatoria.

O proxecto docente, que non poderá supera-las 30 páxinas por unha cara, dobre espazo e tipo 12 puntos, deberá constar de:

Obxectivos xerais e específicos da materia

Guión do programa de teoría, e de prácticas se procede

Encadramento da materia dentro do plano de estudos da titulación á que corresponda

Bibliografía

De existir programa oficial da materia ou materias obxecto de concurso estará dispoñible para os candidatos ou candidatas na secretaría do decanato ou dirección de centro no que aquela se imparta

D) Tema para as prazas de axudante

Os e as concursantes a prazas de axudante, ademáis do currículo, deberán presentar un tema referido á materia que estableza a convocatoria.

O tema, que non poderá supera-las 30 páxinas a unha cara, dobre espacio e tipo 12 puntos, deberá constar de:

Guión

Desenvolvemento teórico

Práctica correspondente, se procede

Metodoloxía didáctica

Bibliografía

O programa oficial da materia que estableza a convocatoria estará dispoñible para os candidatos ou candidatas na secretaría do decanato ou dirección de centro no que aquela se imparta

E) Memoria para prazas de profesorado asociado de tipo B

Os e as concursantes para prazas de profesorado asociado de tipo B, ademais do currículo, deberán presentar unha memoria consonte ó seguinte:

Actividades profesionais realizadas, xustificadas mediante o achegamento dos oportunos contratos de traballo ou xustificación de telas realizado como autónomo ou profesional liberal, xustificando nestes últimos casos a alta no colexio profesional correspondente, como exercente, alta na seguridade social ou mutua obrigatoria e certificado de ter pagado o imposto de actividades económicas, ou calquera outra documentación que xustifique ou acredite o exercicio da profesión.

Memoria das actividades docentes que se van realizar, segundo o que especifique a convocatoria.

O programa oficial da materia que estableza a convocatoria estará dispoñible para os candidatos ou candidatas na secretaría do decanato ou dirección de centro no que aquela se imparta

Artigo 15.- Remisión de expedientes

Os expedientes dos e das concursantes admitidos remitiráselle ó presidente da comisión xulgadora, debidamente precintados. A apertura dos expedientes realizarase soamente trala adopción dos acordos ós que se refire o artigo 27 destas normas.

Se as prazas convocadas foran para profesorado asociado de tipo B, a documentación remitiráselle ó director do departamento.

CAPÍTULO III. COMISIÓNS XULGADORAS

SECCIÓN 1ª. COMPOSICIÓN

Artigo 16.- Normas xerais

As comisións xulgadoras dos concursos estarán constituídas por cinco docentes pertencentes a un corpo ou categoría cando menos igual á esixida para o acceso á praza obxecto do concurso, que se atopen na situación de activo, e con destino na Universidade de Santiago de Compostela. Para estes efectos o profesorado asociado con título de doutor/ra considérase equiparados ó profesorado titular interino. A súa composición realizarase de acordo co establecido nos artigos 17, 18, 19 e 20.

Para os exclusivos efectos da formación das comisións xulgadoras rexerá o disposto no Anexo III para a determinación de qué corpos e categorías se entenden iguais ou superiores á praza convocada.

En ningún caso os cinco membros da comisión pertencerán á mesma área de coñecemento. Se o número de docentes da área de coñecemento que cumpren os requisitos precisos para forma-la comisión non é suficiente, poderá completarse esta con

docentes de áreas afíns de acordo coa táboa de afinidades que aprobará a Xunta de Goberno.

En cada convocatoria tódalas prazas da mesma categoría que se convoquen por cada área de coñecemento serán xulgadas pola mesma comisión.

A participación nas comisións xulgadoras dará dereito á percepción das compensacións económicas que se determinen.

Artigo 17.- Composición das comisións xulgadoras para prazas de profesorado titular de universidade interino

Nas prazas para profesorado titular de universidade interino a comisión estará constituída do seguinte xeito:

Presidente: Un decano ou director de centro; actuará como suplente un vicedecano ou un subdirector de centro, que teña a condición de profesor/ra doutor/ra.

Secretario: O director do departamento responsable da área de coñecemento á que pertenza a praza obxecto de concurso, así como o seu suplente, que será o profesor de categoría superior máis antigo do departamento, sempre que non fora elixido como vocal no correspondente sorteo.

Vocais: Tres profesores funcionarios, interinos ou asociados co título de doutor/ra da área á que pertenza a praza obxecto do concurso, cos seus respectivos suplentes, elixidos por sorteo na Secretaría Xeral. Os asociados deberán posuír unha antigüidade de polo menos dous anos na área de coñecemento ou, de se-lo caso, na área afín.

Artigo 18.- Composición das comisións xulgadoras para prazas de profesor titular de escola universitaria interino

Nas prazas para profesorado titular de escola universitaria interino a comisión estará constituída do seguinte xeito:

Presidente: Un decano ou director de centro; actuará como suplente un vicedecano ou un subdirector de centro, que teña a condición de profesor.

Secretario: O director do departamento responsable da área de coñecemento á que pertenza a praza obxecto de concurso, así como o seu suplente, que será o profesor de categoría superior máis antigo do departamento, sempre que non fora elixido como vocal no correspondente sorteo.

Vocais: Tres profesores funcionarios, interinos ou asociados da área á que pertenza a praza obxecto do concurso, cos seus respectivos suplentes, elixidos por sorteo na Secretaría Xeral. Os asociados deberán posuír unha antigüidade de polo menos dous anos na área de coñecemento ou, de se-lo caso, na área afín.

Artigo 19.- Composición das comisións xulgadoras para prazas de axudante

Nas prazas de axudante a comisión estará constituída do seguinte xeito:

Presidente: Un decano ou director de centro; actuará como suplente un vicedecano ou un subdirector de centro, que teña a condición de profesor.

Secretario: O director do departamento responsable da área de coñecemento á que pertenza a praza obxecto de concurso, así como o seu suplente, que será o profesor de categoría superior máis antigo do departamento, sempre que non fora elixido como vocal no correspondente sorteo.

Vocais: Dous profesores funcionarios, interinos ou asociados da área á que pertenza a praza obxecto do concurso cos seus respectivos suplentes, elixidos por sorteo na Secretaría Xeral. Os asociados deberán posuír unha antigüidade de polo menos dous anos na área de coñecemento ou, de se-lo caso, na área afín. É un axudante da segunda etapa

da área á que pertenza a praza obxecto do concurso co seu respectivo suplente, elixidos por sorteo na Secretaría Xeral.

Artigo 20.- Composición das comisións xulgadoras para prazas de profesorado asociado de tipo A

Nas prazas para profesorado asociado de tipo A a comisión estará constituída do seguinte xeito:

Presidente: Un decano ou director de centro; actuará como suplente un vicedecano ou un subdirector de centro, que teña a condición de profesor.

Secretario: O director do departamento responsable da área de coñecemento á que pertenza a praza obxecto de concurso, así como o seu suplente, que será o profesor de categoría superior máis antigo do departamento, sempre que non fora elixido como vocal no correspondente sorteo.

Vocais: Tres profesores funcionarios, interinos ou asociados da área á que pertenza a praza obxecto do concurso cos seus respectivos suplentes, elixidos por sorteo na Secretaría Xeral. Os asociados deberán posuír unha antigüidade de polo menos dous anos na área de coñecemento ou, de se-lo caso, na área afín.

Artigo 21.- Publicación da comisión xulgadora

A composición da comisión xulgadora publicarase no taboleiro de anuncios do Rectorado da USC e no Vicerrectorado do Campus de Lugo xunto coa lista definitiva de concursantes. Así mesmo difundirase a través da páxina web da Universidade.

Artigo 22.- Irrenunciabilidade dos nomeamentos

O nomeamento como membro dunha comisión xulgadora é irrenunciable.

O membro da comisión que considere a existencia dunha causa xustificada que lle impida actuar, poñerá en coñecemento do Vicerrectorado de Profesorado, que deberá resolver no prazo de tres días desde a súa recepción no Vicerrectorado, e comunicarllo ó presidente da comisión. No caso de non dictar unha resolución nese prazo entenderase estimada a existencia de causa xustificada. Neste suposto, O/a presidente/ta da comisión deberá convoca-lo membro suplente que corresponda.

O Vicerrector de Profesorado poderá delegar esta competencia no/a presidente/ta da Comisión Xulgadora.

Artigo 23.- Abstención e recusación

De concorreren os motivos de abstención e recusación a que se refiren os artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aplicarase o procedemento establecido na antedita lei.

No caso de apreciarse causas de abstención ou recusación dos membros da comisión, estes serán substituídos polos seus respectivos suplentes. A resolución adoptada comunicaráselle ós interesados e ó presidente da comisión xulgadora.

SECCIÓN 2ª. CONSTITUCIÓN DAS COMISIÓNS

Artigo 24. O/a presidente/ta da comisión

O/a presidente/ta da comisión será o responsable de que esta se constitúa e actúe de acordo con todo o establecido na presente Normativa e nas demais normas de carácter xeral.

No caso de incumprimento dos deberes propios do/a presidente/ta ou de algún dos membros da comisión este poderá ser destituído polo rector da Universidade mediante unha resolución motivada.

Artigo 25.- Substitución de membros das comisións

Unha vez realizado o nomeamento dos membros titulares e suplentes da comisión e antes do acto da constitución, se algún deles se vise afectado/a por causas de abstención ou de recusación, se lle fora aceptada a renuncia ou non concorrera ó acto de constitución da comisión, será substituído conforme ás seguintes regras e sen necesidade de realizar novos nomeamentos:

O/A presidente/ta titular será substituído/a polo/a suplente. No suposto de que o/a presidente/ta suplente se vexa afectado/a tamén polas causas citadas nos artigos 22 e 23, procederase ó nomeamento dun novo/a presidente/ta. A mesma regra será de aplicación para o secretario da comisión.

Os e as vocais serán substituídos polo seu correspondente suplente. Se os suplentes se visen afectado/as por algún impedimento, serán substituídos por orde correlativa, respectando en todo caso a categoría e o número máximo de membros dunha área que poidan formar parte dos tribunais. No suposto de que non se puidera constituí-la comisión procederase a un novo nomeamento dos vocais da quenda correspondente.

Artigo 26.- Constitución da comisión

As comisións constituiranse entre o día 1 e o 25 de xuño, ámbolos dous inclusive. Co obxecto de asegura-la constitución da comisión, o/a presidente/ta poderá convocar para o acto de constitución tanto os membros titulares como os membros suplentes.

As comisións xulgadoras necesitarán para a súa válida constitución a presenza de tódolos seus membros titulares e, no seu caso, os respectivos suplentes. Unha vez constituída a comisión, non se poderán incorporar a ela membros que, na súa condición de titulares ou suplentes, non estivesen presentes no acto de constitución.

Trala constitución, as comisións poderán prosegui-la actuación coa presenza, como mínimo, de tres membros, e sempre que entre estes estean presentes o/a presidente/ta e o secretario.

A comisión actuará no centro ó que pertenza o seu presidente. Este será responsable de prove-los espacios necesarios para a actuación da comisión.

SECCIÓN 3ª. ACTUACIÓN DAS COMISIÓNS

Artigo 27.- Convocatoria de concursantes e criterios de valoración

No mesmo acto de constitución a comisión xulgadora adoptará os acordos sobre o seguinte:

a. Data, hora e lugar no que os e as concursantes deberán comparecer para a celebración da segunda fase do proceso selectivo.

b. Antes de coñece-la documentación, a comisión establecerá os criterios para a valoración das probas nos seguintes apartados:

«Experiencia investigadora»: Estableceráanse os criterios para a valoración dos méritos correspondentes a cada apartado do baremo así como aqueles nos que se baseará a determinación do grao de afinidade para cada mérito.

«Outros méritos»: De acordo cos apartados contemplados no baremo do Anexo I

«Proxecto docente»:

Contido e adecuación do proxecto docente á materia

Claridade expositiva

Capacidade de resposta ás cuestións formuladas no debate

«Tema»:

Contido do tema

Claridade expositiva

Capacidade de resposta ás cuestións formuladas no debate.

Os acordos serán feitos públicos no taboleiro oficial do centro onde se desenvolvan as probas antes do día 1 de xullo e deberán comunicárselle ó Vicerrektorado de Profesorado antes da devandita data. As probas non poderán comezar en ningún caso antes do 4 de xullo nin despois do 10 de xullo.

Artigo 28.- Procedemento de selección

1.- A selección do profesorado contratado e interino realizarase en dúas fases:

Primeira fase

A comisión xulgadora valorará o currículo dos e das concursantes consonte ó establecido no baremo que figura no Anexo I das presentes normas.

Esta primeira fase realizarase a partir do momento da constitución e trala adopción dos acordos a que se refire o artigo 27, e deberá concluír antes do inicio da segunda fase.

Concluída a valoración dos currículos, faranse públicos os resultados.

Esta fase non terá carácter eliminatorio.

Segunda fase

O concursante expoñerá oralmente en sesión pública, os méritos de investigación alegados, defenderá o proxecto docente presentado ou, no caso dos/das axudantes, o tema elaborado, durante un tempo de corenta e cinco minutos como máximo. A comisión debaterá co concursante sobre o obxecto da súa exposición e sobre os méritos durante un máximo de corenta e cinco minutos. No caso das prazas que polo seu obxecto requiran o coñecemento específico dunha ou varias linguas estranxeiras, a comisión poderá verifica-lo seu coñecemento.

Non presentarse á segunda fase supoñerá a renuncia do ou da concursante; a comisión redactará acta da non comparecencia e non poderá realizar proposta ningunha sobre el ou ela.

Esta segunda fase terá carácter eliminatorio para aqueles candidato ou candidatas que non obteñan unha valoración igual ou superior ó 50% dos puntos dela consonte ós baremos que figuran no Anexo I da presente normativa, sempre que exista acordo de catro dos cinco membros da comisión.

2.- Puntuación final:

A puntuación final de cada concursante será a suma da puntuación obtida na primeira fase e na segunda fase, conforme o disposto no Anexo II.

Artigo 29.- Forma de proceder das comisións na valoración das candidaturas

A administración facilitarálles ás comisións as valoracións dos apartados de Rendemento Académico e Experiencia Docente correspondentes a cada candidato ou candidata. A determinación do grao de afinidade realizaráse consonte ás táboas que para estes efectos establece a Xunta de Goberno.

Os demais méritos alegados polos candidato ou candidatas e os distintos apartados da segunda fase serán obxecto de valoración singularizada. Cada membro da comisión emitirá un informe razoado da puntuación outorgada por él a cada un dos candidatos ou candidatas en todos e cada un dos apartados, motivando debidamente, no correspondente formulario, a devandita puntuación. Estes informes adxuntaranse á acta.

Se houber discrepancias entre os membros da comisión respecto da valoración de calquera dos méritos, a puntuación que se corresponderá a ese mérito será a media

aritmética das puntuacións outorgadas por cada un dos membros unha vez descartadas as dúas puntuacións extremas (máxima e mínima).

Artigo 30.- Réxime de adopción de acordos

As comisións tomarán os seus acordos por maioría; de producirse un empate decidirá o voto de calidade do/a presidente/ta, quen deberá exercelo, neste caso, necesariamente. Ningún membro poderá absterse.

Artigo 31.- Proposta de nomeamento

1. A proposta de provisión realizarase no prazo de 10 días hábiles desde o día de inicio da 2ª fase.

2. Á vista dos méritos e da puntuación obtida, a comisión xulgadora poderá realizar algunha das seguintes propostas:

Proposta do candidato ou candidata con mellor puntuación e, se se estima procedente, doutros candidatos ou candidatas por orde de puntuación para os supostos de renuncia do primeiro candidato ou candidata proposto ou para a cobertura de prazas polo procedemento de listas de agarda.

Declarar a non provisión.

3. A proposta de nomeamento farase pública nos taboleiros do centro no que se constituíra a comisión no mesmo día no que conclúa a súa actuación, debendo inserirse na acta que se publique unha dilixencia do seu secretario na que sinale o día da súa inserción no taboleiro de anuncios.

Artigo 32.- Remisión de documentación

Rematada a actuación da comisión xulgadora, coa correspondente proposta, o/a presidente/ta enviará a documentación de tódo-los concursantes, xunto coas actas orixinais, ó Rectorado, coa data en que foi exposta no taboleiro de anuncios do centro. Unha vez rematado o procedemento, a documentación dos e das concursantes quedará ó seu dispor no Rectorado, de onde deberán retirala no prazo de seis meses. Transcorrido este tempo sen que a documentación fora retirada, será destruída, agás que esté afectada pola interposición de recurso.

CAPÍTULO IV.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA PROFESORADO ASOCIADO DE TIPO B

Artigo 33.- Informe dos departamentos

O consello de departamento aprobará os criterios de selección consonte ó procedemento que estableza. Estes criterios deberánse facer públicos nos taboleiros oficiais do departamento e do centro onde este teña a súa sede antes da apertura da documentación aportada polos candidatos ou candidatas.

O consello do departamento, de acordo co procedemento que se estableza, elaborará informes polo miúdo sobre cada un dos e das concursantes, tendo en conta os criterios establecidos a que se refire o párrafo anterior.

Os informes serán aprobados en consello de departamento, proponendo un candidato ou candidata ou a non cobertura da praza vacante.

A proposta, os informes e os expedientes remitiránse ó/a presidente/ta da Comisión de Revisión (vicerrector ou vicerrectora de Profesorado).

Artigo 34.- Remisión á Comisión de Revisión.

Recibidos a proposta, os informes e os expedientes do consello do departamento, a Comisión de Revisión poderá adoptar algún dos seguintes acordos:

Proposta de acordo co informe do consello de departamento, e proposta de nomeamento do candidato ou candidata.

Devolución ó consello de departamento para que emita novos informes.

Non ratificación da proposta do departamento, propoñéndolle ó rectorado a non provisión da praza.

CAPÍTULO V.- RECLAMACIÓNS

Artigo 35.- Reclamacións

Contra estas propostas, as persoas interesadas poderán presentar reclamación perante o rectorado, no prazo de cinco días hábiles a partir da data seguinte á da súa publicación.

Artigo 36.- Comisión de Revisión

1. Constituirase na Universidade de Santiago unha Comisión de Revisión, presidida polo rector ou vicerrector no que delegue, co obxecto de valorar as reclamacións.

2. A Comisión de Revisión será elixida pola Xunta de Goberno e nomeada polo rector. Estará integrada polo seu/súa presidente/ta, cinco membros con voz e voto elixidos pola Xunta de Goberno, un por cada unha das grandes áreas de coñecemento, e un representante da Xunta de Persoal Docente e Investigador, con voz pero sen voto. O/a presidente/ta dirimirá co seu voto os casos de empate.

Os membros elixidos pola Xunta de Goberno renovaranse por partes (dous e tres de xeito alternativo) cada dous anos.

3. A Comisión de Revisión, para instruí-lo procedemento da reclamación, terá as seguintes competencias:

Ordenar a retroacción do procedemento ó momento no que se apreciase algunha infracción procedemental.

Á vista das reclamacións, poderá remitilas á comisión xulgadora co obxecto de que responda a todas e cada unha das alegacións presentadas e emita, de se-lo caso, unha nova proposta.

Solicitar os asesoramentos que estime oportunos.

4. A Comisión de Revisión, mediante unha resolución motivada, poderá:

Proporlle ó rector a ratificación da proposta da comisión xulgadora.

Proporlle a non provisión da praza.

Artigo 37.- Procedemento de reclamación

1. Admitida a trámite a reclamación, suspenderase o procedemento ata a súa resolución.

2. O/A presidente/ta da Comisión de Revisión poderá realizá-los actos de instrucción que estime pertinentes, incluída a devolución do expediente á comisión xulgadora para que se emenden os defectos de tramitación observados, emita un informe sobre as alegacións presentadas e, emita unha nova proposta se así o considerara oportuno.

3. As reclamacións presentadas serán resoltas nun prazo máximo de tres meses.

CAPÍTULO VI.- NOMEAMENTOS

Artigo 38. Nomeamento

A proposta da Comisión de Selección, ou, no caso de reclamacións, a resolución da Comisión de Revisión, será dirixida ó rector para o nomeamento dos candidato ou candidatas propostos.

Artigo 39.- Toma de posesión ou sinatura de contrato

Os candidatos ou candidatas nomeados deberán tomar posesión ou asina-lo contrato no prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte á publicación do nomeamento.

Se o candidato ou candidata non tomara posesión ou non asinara o contrato, agás supostos de forza maior debidamente acreditada, perderá os seus dereitos, e procederase a nomea-lo seguinte candidato ou candidata proposto pola comisión xulgadora.

Antes do nomeamento, os candidatos ou candidatas propostos deberán presenta-los orixinais dos documentos achegados para a admisión, para o seu cotexo. Non presentar esta documentación impedirá a toma de posesión ou a sinatura do contrato e suporá a revogación do nomeamento.

Artigo 40.- Efectos da toma de posesión ou sinatura de contrato

Con carácter xeral, os nomeamentos e contratos producirán efectos a partir do día da toma de posesión ou do asinamento do contrato, agás que na resolución de nomeamento ou contrato se estableza outra data diferente, que en ningún suposto poderá ter efectos retroactivos.

Artigo 41.- Renuncia á condición de profesor titular funcionario interino ou profesor contratado

1. No suposto de que o candidato ou candidata nomeado para unha praza o fora tamén para outras, a toma de posesión ou contrato nunha praza supoñerá a renuncia dos dereitos nas outras prazas para as que fora nomeado.

2. A sinatura dun contrato ou a toma de posesión nunha praza, supoñerá a renuncia á praza que viñera desempeñando con anterioridade.

3. Noutros supostos distintos ós dos anteriores, a renuncia á condición de funcionario interino ou á de profesor contratado deberá presentarse por escrito nos rexistros xerais da Universidade ou no centro, que, neste caso, a enviará con carácter de urxencia ó Servicio de Planificación e Programación Docente e de Persoal Docente e Investigador.

Co obxecto de que os departamentos poidan programar coa suficiente antelación a cobertura da súa docencia, o profesorado que pense presenta-la súa renuncia á condición de funcionario interino ou á de profesor contratado poderá comunicala coa máxima antelación posible. A renuncia farase efectiva no momento en que se indique na comunicación.

TÍTULO III

PROCEDEMENTOS DE URXENCIA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES E SELECCIÓN DE PROFESORADO

CAPÍTULO I.- LISTAS DE AGARDA

Artigo 42.- Listas de agarda

Resoltos os concursos para a provisión de prazas de profesorado asociado, os candidatos ou candidatas propostos polas comisións e que non foron nomeados, pasarán a formar unha lista de agarda para cubri-las posibles vacantes ou necesidades de docencia non previstas na correspondente área de coñecemento que poidan xurdir ó longo do curso académico. De existir máis dunha lista de agarda por celebrarse concursos para prazas de distinta categoría nunha mesma área de coñecemento seguiranse os seguintes criterios para establecer a prelación:

1º.- Terán preferencia os concursos convocados por vía ordinaria sobre os convocados por vía de urxencia e as convocatorias anteriores sobre as posteriores. Así mesmo, terán preferencia as listas correspondentes a prazas de plantilla fronte ás que non sexan de plantilla e en cada caso as de maior dedicación sobre as de menor.

2º.- De haber listas de varias prazas con diferentes categorías seguirase a seguinte orde:

Titular Interino de Universidade
Titular Interino de Escola Universitaria
Asociado de Universidade
Asociado de Escola Universitaria
Axudante de Universidade
Axudante de Escola Universitaria

3º.- Se houberse prazas para diferentes campus, configurarase para cada un deles unha lista de agarda conforme ós criterios anteriores.

4º.- Os concursantes que figurando nas listas de agarda sexan chamados para cubrir unha praza, unha vez rematado o seu contrato reintegraranse ás lista de agarda no posto que orixinariamente ocupaban.

5º.- En caso de que nunha área de coñecemento non exista lista de agarda poderá utilizarse a lista de agarda dunha área afín, sempre que así o solicite o departamento, co acordo previo da maioría dos membros daquela.

6º.- O vicerrector de profesorado resolverá calquera cuestión que xurda da aplicación dos presentes criterios.

As listas de agarda, conforme ó establecido neste artigo, só producirán efectos no curso académico para o que se convocara o concurso.

Artigo 43.- Procedemento de xestión das listas de agarda

1. Producida unha baixa ou xurdidas novas necesidades docentes ó longo do curso académico, o departamento poñerá tal circunstancia en coñecemento do Vicerrectorado de Profesorado, que procederá a ofrece-lo posto vacante ós aspirantes que figuren na lista de agarda, realizando chamamentos sucesivos, respectando a orde da lista.

2. As comunicacións realizaránse mediante telegrama, sen detrimento de calquera outro medio que permita a rápida localización do candidato ou candidata e tendo en conta o enderezo e o número de teléfono que figuren na solicitude pola que concorreu ó concurso; o candidato ou candidata deberá responder no prazo de 48 horas; de non facelo, entenderase que perde os seus dereitos e procederase a realizarlle a oferta ó seguinte.

3. As contratacións que se realicen por este procedemento rematarán, en calquera caso, ó finaliza-lo curso, e de persistiren as necesidades de docencia para o seguinte curso, deberá convocarse un concurso polo procedemento ordinario. Nembargantes e á vista das circunstancias que determinen a vacante e o tempo no que se prevéxa a reincorporación do titular da praza, poderá prorrogarse o contrato ata a incorporación deste.

4. Aceptada a oferta, procederase ó nomeamento e no prazo de dous días hábiles deberá asina-lo contrato.

CAPÍTULO II.- SELECCIÓN POLO PROCEDIMENTO DE URXENCIA

Artigo 44.- Solicitude de cobertura polo procedemento de urxencia

Cando, por causa sobrevida, se produza a baixa dun profesor dentro do curso académico, ou se as necesidades docentes non previstas o xustifican, unha vez esgotada(s) a(s) lista(s) de agarda se a(s) houbera, o consello do departamento poderá solicitar inmediatamente a convocatoria a concurso dunha praza, coa categoría de asociado, para supli-la docencia, e que esta se faga polo procedemento de urxencia.

No caso de baixas previstas con antelación deberá solicitarse a convocatoria con anterioridade, co obxecto de que a selección se realice consonte o procedemento ordinario.

O acordo do consello de departamento debe incluír como mínimo os seguintes aspectos:

Xustificación documental dos motivos da baixa e a súa duración aproximada

Xustificación de que a docencia vacante non pode ser atendida polo profesorado do departamento

Área de coñecemento e departamento ó que corresponde

Réxime de dedicación

Centro ou centros no que se vai impartir-la docencia

Actividades docentes que se van realizar

Artigo 45.- Autoridade competente

Recibida a petición de convocatoria de concurso dunha praza polo procedemento de urxencia, esta será analizada polo Vicerrectorado de Profesorado, que resolverá o que proceda ó respecto o antes posible.

Artigo 46.- Convocatoria e publicidade

1. A convocatoria conterá como mínimo os seguintes aspectos:

Área de coñecemento e departamento ó que corresponde a praza

Localidade

Actividades docentes que se deben realizar

Réxime de dedicación

Prazo de presentación de instancias e currículo, con expresión da data de finalización do prazo

Condições que deberán reuni-los aspirantes

Documentación que deberán achegar

Lugar de presentación de instancias

Lugar de actuación da comisión

2. Publicidade e difusión

A convocatoria farase pública no taboleiro de anuncios do Rectorado e da Vicexerencia do Campus de Lugo, e producirá efectos desde o día seguinte a que sexa inserida.

As convocatorias difundiranse a través da páxina web da Universidade e mediante a inserción de anuncios en diarios de ampla difusión en Galicia.

Artigo 47.- Instancia, lugar de presentación e prazo de presentación de solicitudes

47.1 Instancia

A solicitude formalizarase nunha instancia nos termos establecidos no artigo 6.

47.2 Lugar de presentación

As instancias poderán ser presentadas nos lugares ós que fai referencia o artigo 7.

47.3 Prazo de presentación

As instancias deberán presentarse no prazo de 5 días hábiles desde a data da súa publicación.

Artigo 48.- Requisitos e documentación

1. Requisitos

Os e as concursantes deberán cumprir cos requisitos establecidos no artigo 11 para profesorado asociado tipo A.

2. Documentación

a) Documentación para a admisión

Para seren admitidos ó concurso deberán presenta-la seguinte documentación:

Instancia conforme ó modelo establecido pola Universidade de Santiago de Compostela

Título esixido

Nacionalidade, segundo as prazas

Requisitos específicos de cada praza

Pagamento dos dereitos de concurso na cantidade que se estableza

Non acredita-los requisitos anteriores será causa de exclusión.

b) Currículum

Xunto coa instancia e demais documentación para a admisión, deberán achega-lo currículum na forma que se establece nos apartados A e B do artigo 14. Non presenta-lo currículo ou non acredita-los méritos consonte ó establecido no Anexo II soamente supoñerá que non se lles valoren.

Artigo 49.- Comisións

1. Composición da comisión

As comisións estarán compostas conforme ó establecido no artigo 20.

2. Constitución da comisión

A constitución da comisión realizarase no prazo máximo de 3 días a partir do seguinte á recepción da documentación por parte do/a presidente/ta da comisión.

3. Criterios de valoración

No mesmo acto de constitución e antes de coñece-la documentación dos e das concursantes, a comisión establecerá e fará públicos os criterios para a valoración dos seguintes apartados, consonte ó artigo 27, apartado b):

Experiencia investigadora.

Outros méritos.

Artigo 50.- Procedemento de selección

A selección polo procedemento de urxencia realizarase exclusivamente atendendo ós méritos presentados polos e as concursantes, que serán valorados consonte ó baremo Anexo. Ó non se requiri-la presentación do proxecto docente non procederá a valoración deste en ningún suposto.

Artigo 51.- Proposta de nomeamento

As comisións xulgadoras deberán facer pública a súa proposta de nomeamento no prazo máximo de 7 días hábiles desde a súa constitución.

Artigo 52. Nomeamento e contratación

Efectuado o nomeamento, os nomeados deberán asina-lo contrato no prazo de tres días.

Os contratos que se realicen polo procedemento de urxencia ou por listas de agarda, rematarán en calquera caso o 30 de setembro. De persistiren as necesidades docentes, os

departamentos poñerán en coñecemento do Vicerrektorado tal situación coa debida antelación co obxecto de realiza-la convocatoria polo procedemento ordinario.

Artigo 53.- Reclamacións

Contra a proposta da comisión xulgadora, as persoas interesadas poderán presentar unha reclamación perante o rectorado, no prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no taboleiro de anuncios do centro no que actuou a comisión.

Dada a natureza destas prazas, a admisión a trámite da reclamación, de se-lo caso, non suspenderá o procedemento selectivo, agás no caso no que concorra algunha das causas contempladas no artigo 111.2 da LRXAP-PAC.

Artigo 54.- Normas de aplicación subsidiaria

Será de aplicación ó procedemento de urxencia, o establecido para o procedemento ordinario.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. LECTORES

Os lectores serán seleccionados e contratados consonte ó disposto no artigo 25 dos Estatutos da Universidade de Santiago.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. PROFESORADO ASOCIADO DE PRÁCTICAS TUTELADAS DE FARMACIA

Para a selección do profesorado asociado de prácticas tuteladas de Farmacia será de aplicación o establecido na presente normativa para o profesorado asociado tipo B. Neste caso os contratos terán unha duración máxima de un ano improrrogable, e as competencias atribuídas ó consello de departamento serán asumidas polo profesorado universitario que forma parte da Comisión Mixta de seguimento do Convenio entre a Universidade e os Colexios Farmacéuticos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

Formarán parte da primeira Comisión de Revisión que se elixa consonte ó establecido na presente normativa os dous membros que se incorporaran máis recentemente á actual Comisión de Revisión. Estes serán os dous membros ós que lles afectará a primeira renovación.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA

Autorízase ó rector para que poida dicta-las instrucións que se estimen pertinentes para a interpretación do presente acordo.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA

Queda derogada a Normativa para a Selección de Persoal Docente Interino e Contratado aprobada pola Xunta de Goberno na súa sesión de dous de xuño de 1995 e calquer outra resolución ou acordo que se opoña á Normativa obxecto do presente acordo.

A presente Normativa entrará en vigor ó día seguinte ó da súa aprobación pola Xunta de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.